

# Coplas para Icíá

*Fabier Díaz*



# Contidos

3. Presentación de Susana Trigo.

4. Biografía de Xabier Díaz.

5. Biografía de Pedro Lamas.

6. Biografía de Suso Iglesias.

7. Ficha Técnica.

8. Contacto e contratación.

# Presentación

Susana Trigo

Icía cantaruxaba. Nalgunha casa vella aínda ecoan as coplas que abrollaban nos labores cotiás. Herdanza irrenunciábel, a fala, os contos, as cancións da aldea. Sustento líquido que corre como auga de poza e dilúese na terra. Ulo vai? Cantos séculos entre Icía e nós?

Xabier anda a remexer na terra. Saca a música da aldea con todo coidado e pona no mundo. Pona coma el a sinte, co seu aquel atlántico, con esa voz que bate ou aloumiña coma o mar. Aí os cantares collen brío, tan cubertos de arañeiras que parecían. Regálos con ondas de jazz, con lanzais percusións e acordeóns coma apertas delongadas. Non hai disfrace, o alento popular permanece coa limpeza dunha pedra tallada.

Hai un patrimonio material que se revaloriza co tempo. E o patrimonio inmaterial?. Catedrais de sons alicerzadas na vida anónima do pobo. Quen ten conta delas? Tería de haber canteiros da música. Xabier Díaz é un deles, delicado e agarimoso artesán, restaura as pezas que aínda resisten na memoria e na voz de folla seca dos vellos. Vivencia contemporánea da tradición, ousado querer do propio, Xabier está a labrar unha canle de pedra firme para que corran as coplas vizosas da poza daquela imaxinada Icía ate nós. Outra Icía cativa xa ha de andar a cantaruxalas. Imos contar con mil primaveras máis.

# Biografía

Xabier Díaz

Xabier Díaz (A Coruña, 1969). Músico e compositor, compaxina ambas facetas profesionais coa súa longa laboura como investigador e compilador do noso folclore tradicional.

Ao longo da súa carreira son destacábeis múltiples colaboracións en concertos e traballos discográficos con diversos artistas e formacións como Berroguetto, Luar Na Lubre, Amancio Prada, Os Cempés, Marful ou Nordestinas .

En 2003 participa no espectáculo Cantos Na Maré (2003) xunto con Uxía Senlle, Manecas Costa, Chico Cesar e Filipa Pais entre outros. Un ano despois, desta volta co guitarrista Guillermo Fernández, edita o disco "Músicas de Salitre" traballo que os levará a ser finalistas nos Premios da Academia da Música no 2005, acadando ademais o 3º posto na edición dos galardóns La Opinión do mesmo ano.

Na actualidade compaxina a súa actividade como cantante titular da compañía Nova Galega de Danza na que xa ten realizado os espectáculos Alento (2005) e Engado (2006) coa dirección e copresentación do espazo radiofónico "Tres Peixes Voando", da Radio Galega Música, xunto con Guillermo Fernández e Ugia Pedreira.

Dentro da súa carreira musical en solitario, atópase agora inmerso na gravación do seu segundo traballo "Coplas Para Icia" (2007), no que rescata músicas do pobo tomadas do seu propio arquivo, compilación froito do extenso traballo de campo que el mesmo leva a cavo entre os anos 1990 e 2000. Nestas "Coplas para Icia" ten como compañeiros de viaxe a Pedro Lamas e Suso Iglesias .



# Biografía

Pedro Lamas

Pedro Lamas (Cecebre, 1978). Conta cunha longa traxectoria no eido da música tradicional. Percusionista e gaiteiro, é esta última disciplina a que o fai erguerse arestora como un dos máis salientábeis compositores e intérpretes do País.

Parte da súa obra para gaita está recollida nos traballos "Doce Polainas Enteiras" (1998) e "De Pano Sedán" (2003.)

Membro da devandita "Nova Galega de Danza" como compositor e instrumentista , é tamén parte do cuarteto "Luvas Verdes" co que publica, en 2005, "Fandango Desesperado".

Alén da música popular, a súa formación musical abrague estudos de piano (Manolo Gutiérrez), saxo (Roberto Somoza e Carlos Aberhoff jr.), harmonía (Suso Atanes) ou composición e arranxos (Abe Rábade)

Hai que destacar, ademais, o seu extenso labor como colaborador en proxectos musicais con artistas como Antón Seijo ou Xabier Díaz (concertos " ao vivo"), entre outros.

# Biografía

Suso Iglesias

Suso Iglesias (Marín) é acordeonista e terceiro pé deste proxecto.

Titulado Superior de Acordeón polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid baixo a dirección do catedrático Tito Marcos, completa a súa formación musical con Esteban Algora, Stefan Hussong e Teodoro Anzelloti entre outros, especializándose en música contemporánea.

Ten participado na Misa "Jazz Mass" composta e dirixida por Scott Stroman e compartindo escenario con John Taylor (piano), Kenny Wheeler (trompeta) e Cennet Jönsson (saxo), (2004). Concertos didácticos coa "Orquesta Sinfónica de Galicia", (2005). Compañía Factoría Teatro na montaxe "Castronós", (2007). Composición da música para o documental sobre o cambio climático para o Centro de Estudos Mediambientais de Galicia, (2007).

É tamén un dos músicos da Compañía Nova Galega de Danza e do cuarteto que acompaña "Ao vivo" a Xabier Díaz "Músicas de Salitre" (2005) actividades que o fan merecedor do 1º e 3º premios "La Opinion 2005" e finalista ós premios da Academia da Música do mesmo ano.

# Ficha técnica

Xabier Díaz (Voz e Percusións Tradicionais).  
Pedro Lamas (Saxo e Gaita).  
Suso Iglesias (Acordeón).

Colaboracións:

Xosé Lois Romero (Pandeira).  
Guadi Galego (Voz).  
Iván Costa (Zanfona).  
Pandeireteiras do Grupo Arestora (Voces e Percusión).

Producción e mesturas: Guillermo Fernández.

Producción executiva: Músicas de Salitre 2007.

Fotografía e deseño: Paula Toral.

Corrección de textos: María Silvar.

# Contacto e

contratación

María Barcia:

Tlf: 661 29 21 66

[mariabarcia@xabierdiaz.com](mailto:mariabarcia@xabierdiaz.com)

Xabier Díaz:

[info@xabierdiaz.com](mailto:info@xabierdiaz.com)

[www.xabierdiaz.com](http://www.xabierdiaz.com)



